



| | | |
|---|---------------------------|-------|
| Área / Unidad CONTRATACION CT0000 JPU | Documento 43018I02XR | Sello |
| Código de verificación  3H5H 2Z0G 0Q4D 6T6K 0HOS | Expediente 106/2024/10 | |
| | Fecha 12-08-2024 | |

Asunto

CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DO 2 DE AGOSTO DE 2024. APERTURA SOBRE 2 PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZO DE VALOR. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE EDIFICIO DE 50 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO PARQUE OFIMÁTICO, FINANCIADAS POLO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA; NEXT GENERATION EU

Dona BERTA MARÍA FERNÁNDEZ ESPANTOSO, xefa de Sección do Servizo de Contratación e secretaria suplente da Mesa de Contratación do Concello da Coruña,

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación do 2 de agosto de 2024, coa asistencia de Manuel Ángel Jove Losada (presidente suplente), Alejandro Pose Pose (vogal suplente), Emilio Álvarez-Miranda Luzárraga (vogal), Fernando Aradas García (vogal suplente), Pilar Fernández Maroño (vogal), Laura Castiñeira Vilariño (persoa de apoio á secretaria adscrito ao Servizo de Contratación), Antonio Deus Álvarez (concelleiro do grupo político municipal PP) e Berta Fernández Espantoso (secretaria suplente), adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

4. APERTURA SOBRE 2 PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZO DE VALOR

4.1.- Licitación 106/2024/10

Contratación da execución das obras comprendidas no proxecto de edificio de 50 vivendas de promoción pública na parcela Z37 do Parque Ofimático (Xuxán – A Coruña) financiadas polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea – Next Generation Eu

DECLARACIÓN AUSENCIA CONFLITO DE INTERESES

Ao obxecto de garantir a imparcialidade nos procedementos de contratación que se tratan na presente sesión, os membros da Mesa de Contratación presentes, subscriben o modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses, recollido no Plan de Integridade e de Medidas Antifraudes na xestión de Fondos Europeos no Marco da Orde HFP 1030/2021 (PIMAC) aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de decembro de 2021, o disposto na disposición adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, e na Orde Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE nº 21, 25 de xaneiro de 2023), e, en consecuencia, declaran expresamente baixo a súa responsabilidade:

Primeiro.- Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e



garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

4. Que o apartado 3 da Disposición Adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

5. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segundo establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscribidos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

Segundo.- Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segundo, que poida afectar o procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro.- Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto.- Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.



Declarado iniciado o acto, a Secretaria suplente informa da proposición recibida e o nome da licitadora presentada ao devandito procedemento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), resultando ser a empresa licitadora a que a continuación se relaciona:

Número un e única. – CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.

Seguidamente notifica aos presentes o resultado da cualificación dos documentos presentados, indicando que a licitadora está admitida.

A continuación, o Presidente ordena comezar o acto descifrando o sobre que contén os criterios avaliados mediante un xuízo de valor e, seguidamente, realizase a apertura electrónica deste sobre.

Os membros da Mesa solicitan a constancia en acta, para os efectos que correspondan que a licitadora na páxina 82 da oferta técnica declara a confidencialidade nos termos que se indican a continuación:

“A información que pudiera contener este comunicado, relacionada con datos de carácter personal, se encuentra amparada en la Ley Orgánica de Protección de Datos 15/99, que compromete a no utilizar estos datos para fines que no sean los estrictamente necesarios para la realización de su cometido, añadiendo además la absoluta confidencialidad y exclusividad, quedando prohibida a cualquier persona su revelación, copia, distribución o el ejercicio de cualquier acción relativa a su contenido. Si recibe esta oferta erróneamente, ruego lo elimine completamente. Oferta valida salvo error tipográfico.”

Por tanto, a Mesa acorda, por unanimidade, remitir a oferta na súa totalidade para que se emita o informe sobre as propostas suxeitas a xuízo de valor, e que a/s persoa/s informante/s teña/n en conta ese aspecto para que, no seu caso, se faga constar en anexo separado ao informe.

A Mesa de Contratación acorda, así mesmo, publicar o resultado desta apertura no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste procedemento.

De seguido, a Mesa de Contratación, a proposta do Presidente Suplente, acorda unanimemente remitir as ofertas á Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades, S.A. (EMVSA), en virtude do Convenio de Cooperación con data do 30 de xaneiro de 2024, suscrito entre o Concello da Coruña e a citada Empresa municipal para a prestación de asistencia para a valoración dos criterios de adjudicación cuxa ponderación dependa de xuízos de valor, así como outros informes para emitir na fase de adjudicación, en diversas licitacións tramitadas por Servizo de Contratación do Concello para adjudicar contratos cuxas prestacións, fins ou necesidades administrativas a satisfacer ter relación co obxecto social de EMVSA, a efectos de que emita o correspondente informe de valoración das ofertas, no prazo dun mes, de acordo co establecido no citado Convenio, así como as explicacións, aclaracións e xustificacións que lle requira a Mesa de Contratación.

Faise constar polo Presidente suplente que as ofertas se remiten para informe con amparo no citado Convenio e considerando que o obxecto deste contrato garda relación co obxecto social da Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A. (EMVSA).

Así mesmo, en virtude do citado Convenio, ao expediente incorporárase escrito do Director Xeneral de EMVSA no que conste que a sociedade dispón dos medios económicos, técnicos e humanos necesarios para a valoración das ofertas e a declaración á que se refire o artigo 64 da LCSP sobre a ausencia de calquera conflito de intereses que puidese comprometer a imparcialidade e a independencia do persoal técnico que vai realizar o informe.

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura dixital do presente documento.

A secretaria suplente da Mesa

Berta María Fernández Espantoso

VºBº

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada